

ANUNCIO

COBERTURA TEMPORAL DO POSTO DE ENCARGADO/A DE SERVIZOS MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA

En data 10.11.2021 ditouse Resolución Alcaldía núm 1315/2021 cuxa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Convocar a provisión do posto de Encargado/a de Servizos da Unidade de Vías, obras e mantemento de infraestruturas municipais, do Departamento de Obras e Servizos Básicos, mediante a súa cobertura en comisión de servizos por un/unha funcionario/a de carreira en activo do Concello de Fene pertencente á Escala de Administración Xeral ou Especial, e ao grupo de clasificación C2, ao abeiro do artigo 96 da LEPGA, ante a incapacidade laboral temporal prevista de longa duración do funcionario de carreira titular do posto. A incorporación da persoa seleccionada terá lugar de modo inmediato e polo prazo dun ano, prorrogable por outro ano como máximo, agás previa reincorporación do titular.

SEGUNDO.- Anunciar a convocatoria desta comisión de servizos no taboleiro de edictos e na web municipais conforme ao seguinte detalle:

“BASES PARA A COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA DO POSTO DE ENCARGADO/A DE SERVIZOS NO CONCELLO DE FENE

-Posto: Encargado/a de Servizos

 Escala: Administración Especial

 Subescala: Servizos Especiais

 Grupo/Subgrupo de clasificación: C2

 Nivel de complemento de destino: 18

 Complemento específico anual: 8.000 euros

-Funcións do posto, sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar:

- Asumir a supervisión operativa e directa da actividade das unidades de cemiterios, de xardinería, de limpeza viaria e de lixo, coordinando as actuacións das mesmas.
- Organizar e dirixir o traballo do persoal adscrito.
- Realizar o seguimento das actuacións materiais desta unidade, supervisando e coordinando as mesmas con outras unidades ou departamentos cando sexa preciso.
- Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais da unidade, realizando tarefas propias da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

-Requisitos:

- Ter a condición de funcionario/a de carreira en activo do Concello de Fene, pertencente ao grupo C2.
- Contar co informe previo favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza.

-Número de postos que se ofertan: 1

-Lugar de desempeño: termo municipal de Fene.

-Prazo de presentación: 3 días hábiles dende a publicación do anuncio no taboleiro de edictos e na web do Concello de Fene.

-Documentación a presentar:

- Instancia, conforme ao modelo do anexo I.
- Os méritos alegados (experiencia na Administración Local como funcionario/a de carreira en postos da clase de persoal de oficios subgrupo C2 nos que se desempeñen funcións de igual ou semellante natureza ás do posto convocado). A experiencia valorarase a razón de 0.10 puntos por mes (30 días) de servizos prestados na Administración Local de forma efectiva como funcionario/a de carreira.
A experiencia no Concello de Fene incorporarase de oficio. No caso de alegar experiencia noutra Administración local distinta do Concello de Fene, deberá achegar certificación acreditativa da experiencia profesional alegada e informe de vida laboral.
- Informe favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza.

-Publicidade: No caso de que haxa que facer algún tipo de requirimento ou realizar algún anuncio relativo a este proceso de provisión, realizarase a través da súa publicación na páxina web do Concello de Fene. No caso de que a instancia/documentación presentada teña que ser obxecto de emenda, outorgarase un prazo de 1 día hábil.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

-Criterio da selección: a maior idoneidade, discrecionalmente apreciada, considerando a experiencia alegada e as necesidades dos servizos implicados.

A puntuación obtida por razón da experiencia determinará a elección por orde de puntuación do posto a cubrir pola persoa seleccionada. No caso de empate, decidirse por sorteo.

-Duración da comisión de servizos: un ano, prorrogable como máximo por outro ano máis, salvo previa reincorporación do titular.

-Toma de posesión: se non implica cambio de residencia, deberá producirse no prazo de 3 días hábiles. Se implica cambio de residencia, deberá producirse no prazo de 7 días hábiles, de acordo co artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo. Os ditos prazos serán contados a partir da publicación da adxudicación da comisión de servizos na web municipal.

-Réxime xurídico: para o non previsto nesta convocatoria, aplicarase supletoriamente a normativa estatal e autonómica que proceda para a provisión de postos.

ANEXO I

"D/Dona _____ con data de nacemento _____ con DNI núm. _____ e domicilio en _____ C.P. _____ (teléfono _____); correo electrónico _____) ante o sr. Alcalde do Concello de Fene, COMPAREZO e DIGO:

-Que son funcionario/a de carreira en activo do Concello de Fene, pertencente á Escala de Administración _____ (indicar Xeral ou Especial), que ingresei en data _____ e que exerzo na actualidade o posto de _____ pertencente ao grupo C2.

-Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos no proceso de provisión do posto de Encargado/a de Servizos convocado para a súa cobertura mediante comisión de servizos entre persoal municipal.

-Que achego á presente:

- Certificación acreditativa da experiencia profesional alegada noutra Administración Local e informe de vida laboral.
- Informe favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza.

-Que solicito que se incorpore de oficio a documentación acreditativa da miña experiencia laboral no Concello de Fene.

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude para a cobertura temporal de posto de Encargado/a de Servizos mediante comisión de servizos.

En _____, ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

ALCALDE DO CONCELLO DE FENE".

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao departamento de persoal e á intervención municipal.

CUARTO.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente publicación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente. “

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-G
096
150
P-
F:
C.I.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).